WIKIPEDIA

Lingua newari

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **newari** ou **Nepal bhasa** (नेपाल भाषा, tamén coñecido como *newah bhaye*) é unha das linguas máis importantes do Nepal. É unha das case cincocentas linguas sino-tibetanas existentes actualmente, e pertence ao ramo tibeto-birmanés desta familia. É a única lingua tibetano-birmanesa a ser escrita no sistema devanágari. Conta aproximadamente cun millón de falantes no Nepal, na India e no Bután.

Newari **नेपाल भाषा**	
Outros nomes:	Nepal Bhasa
Falado en:	Nepal
Total de falantes:	1,4 millóns (2011)
Familia:	Sino-tibetana Mahakiranti ? **Newari**
Escrita:	Devanágari, antigamente varios alfabetos newari
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Sikkim, India[1]
Regulado por:	Academia Nepal Bhasa Nepal Bhasa Parishad
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	- -
ISO 639-2:	new

Índice

Sistema de escrita

Ao longo do tempo, o bhasa ten sido escrito de moitas formas. Os sistemas principais son o *ranxana*, o *prachalit*, o *brahmi* e o *golmol*, usados máis frecuentemente. Todos os sistemas son escritos da esquerda para a dereita, e consisten de dous conxuntos separados de letras: un de vogais e outro de consoantes. O *brahmi* é o sistema máis antigo, e todos os outros derivan del.

O devanágari é o sistema máis empregado no presente, unha vez que é o sistema oficial do Nepal, ben como na veciña India. O sistema *ranxana* foi o máis usado en tempos antigos, e hoxe está experimentando unha especie de renacemento, debido á maior consciencia cultural. O sistema *prachalit*, sendo semellante ao debanagari, tamén é usado. Actualmente os sistemas *brahmi* e *golmol* raramente son usados.

Dialectos e influencia

Hai cinco dialectos importantes: o *yen-yala*, o *khwapa*, o *pahari*, o *dolakha* e o *chitlang*. Alén destes dialectos, hai algúns poucos subdialectos falados no vale de Katmandú e outras partes do Nepal. Estes subdialectos son falados nas aldeas adxacentes a Katmandú, como Patan, Bhaktapur, Chitlang e Dolakha. O dialectos falado en Bandipur é a forma arcaica do *bhaaye* de Khwapa. O dialecto falado en Chaínpur, Bhoxpur, Terathún e en Palapa é relacionado ao de Katmandú e ao de Patan. O dialecto falado en Ridí, Baglung e Arughat é máis próximo ao de Bhaktapur.

Notas

1. Sonam Wangdi (13 de outubro de 2009). "Nepali Language in the Eighth Schedule of Constitution". Arquivado dende o orixinal o 05 de marzo de 2016. Consultado o 10 de marzo de 2010.

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua newari***

Ligazóns externas

- Páxina Newari/Ranjana en Omniglot (http://www.omniglot.com/writing/ranjana.htm)